

# Viaxe, paisaxe e memoria: *Unha Viaxe por... 1929-2009*

PABLO GALLEGO PICARD

Universidade da Coruña

## **Resumo**

A viaxe como traxecto voluntario iniciático, a paisaxe coma elemento afeito a ser xulgado esteticamente e a memoria, como vertebradora das mesmas na obtención dunha conciencia xeográfica propia, convértense logo do visionado do documental de 1929, *Un Viaje por Galicia*, nos elementos de reflexión dunha procura de identidade entre unha determinada xeografía conservada en branco e negro e un territorio presente cheo de contradicións.

Ante a aberrante constatación dunha maior proximidade entre o documento filmado hai oitenta anos e os *mass media* actuais, o autor reflicte sobre a necesidade dunha reflexión a respecto da situación actual. Xorde así, fronte á incomodidade persoal dun presente sen correspondencias nin paralelismos co pasado, a reacción coa simple constatación do mesmo, sen máis intención que a complexa necesidade de atoparme a min, de estar e comprender, nun lugar.

## **Palabras chave**

Paisaxe, memoria, viaxe, identidade, documental, Galicia 1929, Otero Pedrayo, Risco.

*Hoxe, levado solo polo desexo de ver a extraordinaria altura do lugar, subín ao monte máis alto desta rexión.*

Petrarca

*O costume que me arrastraba desde mozo de ver a paisaxe como imaxe me movía, en canto percibía o lugar na natureza como imaxe, ao empeño de fixala, de querer reter un recordo seguro de tales momentos.*

J. W. von Goethe

*Eu tiven momentos de vivo pracer cando desde o cume das montañas, a dúas ou tres mil varas sobre o nivel do mar, gozaba do vasto horizonte; eu comprázome aínda nestes recordos.*

Domingo Fontán



«Franxa da vista cara a Italia desde San Gotardo, 22 de Xuño de 1775»  
por Johann Wolfgang Goethe, grafito e aguada gris sobre papel


Hai case dous séculos, Domingo Fontán realiza o primeiro mapa moderno, xeometricamente exacto, do Noroeste da península. Mentres percorría a xeografía galega detense un momento nas alturas para, coa simple contemplación do vasto horizonte, gozar de «*momentos de vivo pracer*». Petrarca, catrocentos anos antes, en 1335, fixo o mesmo no monte Ventoux e cambiou co seu escrito a idea do horizonte na arte. Xorde a primeira viaxe iniciática. Unha década antes do nacemento de Fontán, J.W.Goethe na súa primeira viaxe a Suíza e tamén desde un cume, neste caso do San Gotardo, relata sensacións parecidas cun debuxo. A paisaxe faise estética, xorde a vangarda artística romántica europea.

Aínda sendo de interese todos estes feitos revolucionarios, o máis fascinante é a confesión final de Fontán: «*eu comprázome aínda nestes records*». Xa non se trata de ter momentos de vivo pracer na contemplación do debuxado por Goethe ou de experimentar un extremo goce literario na relectura de Petrarca senón de, nunha acción ou conciencia memorística, seguir gozando do seu posterior recordo. A paisaxe faise así memoria, en Galiza.



Primeiros fotogramas de *Un Viaje por Galicia* (fonte CGAI)

Hai oitenta anos, en 1929, Luís Rodríguez Alonso, fotógrafo e realizador, tomador de vistas, recibe o encargo por parte das Deputacións Galegas de rexistrar coa súa cámara cinematográfica unha visión total de Galicia e as súas paisaxes para dala a coñecer na Exposición Iberoamericana de Sevilla. Non chegará a bo termo; catro meses despois, e con mais de tres quilómetros de metraxe realizados, falece o 12 de Decembro de 1929. Son trescentas cincuenta tomas, o material queda sen montar até que, dous anos despois, un grupo de amigos deciden recuperar a metraxe case tal como vén nos rolos de celuloide; o resultado é unha viaxe, en realidade, a súa viaxe. Titulado: *Un Viaje por Galicia, 1929* considerase o documento mais temperán e, aínda hoxe, máis completo xamais filmado do territorio galego, sobre Galiza coma paisaxe.



Primeiros fotogramas de *Un Viaje por Galicia 7* (fonte CGAI)

Obra que a pesar de ser tachada por algúns críticos de pouco comercial, pola excesiva metraxe, de calidade cinematográfica primaria, nun visionado completo, cobra, un tempo de viaxe exploratorio certamente hipnótico e apaixonante. Talvez sexa pola confluencia dunha gran cantidade de amplas tomas panorámicas (mais de cen), ou talvez sexa pola profusión de localizacións (máis de duascenas espaxadas por todo o territorio), mais o que parece unha mera documentación fílmica pasa de súpeto a ser unha viaxe iniciática por un pasado estrañamente esquecido. Itinerario onde o realiza-



30 seg. de panorámica nunha soa toma, desde o alto do monte Sta Tegra, 1929, toma 264  
(reconstrución feita polo autor impresión dixital)

30 seg. de panorámica nunha soa toma, desde o alto do monte Sta Tegra, 2009  
(toma do autor, impresión dixital)


dor lle confire a súa propia ollada emparentada coa gran tradición dos viaxeiros románticos de séculos anteriores, que introduciron para o mundo moderno a idea de Galicia como un espazo e lugar propio, mesturada cunha visión moderna e distanciada, de grandes vistas –probablemente debida á profesión inicial de fotógrafo aéreo–, fan desta longametraxe unha peza nada convencional.


### **1. Contemplantar, lembrar e comparar, filmar**

Esta viaxe é un filme e, como tal, é memoria cinematográfica, conxunto de paisaxes que fan país. Testemuño dunha época allea ás convulsións das guerras onde, sen moitos cambios aparentes durante séculos, aparécenos unha país-axe preindustrial. Contemplación dun recordo fiel, case notarial, dun pasado en movemento que produce, ao

velo, como a Fontán ou Goethe, a compracencia de repetir o goce ou visionado, neste caso, da viaxe. Porque só o feito documental aséptico pode achegarnos a unha certa verdade autónoma afastada de interpretacións mediáticas, do que se di que foi.

Percorrido pola memoria dunhas paisaxes ou paisaxe feita memoria que hoxe, xa en pleno séc. XXI, logo dun período recente de hiperdesenvolvemento, pide ser revisitada, non só a modo de lembranza, senón como intento de reflexión, do concepto de cambio, do pasado e do presente visual dun país contado. Unha importancia, xa evidente, que pode ser aínda maior se chegamos a comprender a diferenza co hoxe, co suposto cambio da paisaxe, dos lugares e, en definitiva, do ambiente que conformaba esta identidade. Xorde, así, a necesidade de establecermos unha comparación dun pasado e un presente filmados.





Fotogramas de *Unha viaxe por 1929-2009*

Así, contemplar, estar e camiñar son as actitudes da nosa deriva que, por sentimento, producen en nós unha reacción tamén tripla de reflexión: lembrar, que é comparar, representar, que é encadrar, e discorrer, que é chegar a bo termo. Todos eles ao longo do proceso pasan de ser sentimentos atopados pola necesidade aclaratoria de entender que pasa, a se materializaren nunha serie de pezas fílmicas, fotográficas e cartográficas.

## 2. Estar, representar e encadrar, fotografar

*Xa non se ve a natureza, só imaxes*

J. W. von Goethe



*O camiñante sobre o  
mar de nubes por  
Caspar David  
Friedrich / Toma 72  
en xelatina de prata,  
polo autor*

Agora máis que nunca a simple contemplación, o ver, complicouse, xa non é pola gran cantidade de imaxes que nos bombardea constantemente, tampouco pola mestura dos distintos tipos de imaxes, como dicía Barthes, senón que, diluídas na súa propia construción, agochan un transfondo maior. A imaxe volveuse ambigua, e hoxe xa pasamos máis tempo en mundos autoconstruídos que nun mundo real. O dixital borrou a supremacía da imaxe fotográfica analóxica, esta xa non pertence a unha verdade –en realidade nunca o fixo, xa que sempre foi unha visión subxectiva e persoal–, é o que ti queiras que sexa, xa non sustenta necesariamente lóxica aparente ningunha. Chegamos a un punto onde a irrealidade é mais real que a vida mesma e ver a imaxe fotográfica –que é ler– deixou de ser unha soa linguaxe articulada para, dende os seus adentros, converterse en multitude de linguaxes, volveu o romanticismo. Con todo, dá igual, o importante segue sendo a necesidade de representar, de reter o que un viu, tanto se é real como non. O primordial, querer contar, segue a ser hoxe igual de urxente.

E é nesta viaxe, de guión preescrito case automático, onde o único momento de deriva –outra vez– consiste en atopar o lugar exacto onde se produciu a toma.



Toma 148



Toma 2



Toma 64





Toma 110



Toma 67, en xelatina de prata polo autor

Procura dun mesmo ollar, ás veces desesperado e outras pracenteiro, onde a cámara –o ollo técnico dunha modernidade xa pasada– é agora o noso verdadeiro personaxe romántico, e o lugar, o noso único nexo co presente. Retratala aí pousada, mirando a..., é unha dobre necesidade: proba irrefutable de que nós estivemos alí mais tamén postal da postal, retrato do contemplado. Punto onde un século antes alguén parou para admirar, encadrar e representar unha vista dunha paisaxe e intento por nos reflectir a nós mesmos, ao responsable do noso ver. É un afastarse da indiferenza, do ser e estar. A imaxe enmarcada convértese, así, nun romantismo predeterminado, contradición do ver contemporáneo.

### 3. Camiñar, discorrer ou chegar a bo termo, cartografar

*Camiñando gusta recordar e trazar esquemas. Pénsase dunha maneira particular. Un dinamismo que non ven somentes ...do feito de andar sinón da sucesiva renascencia dous hourizontes.... Figura natural que camiñando as ideas adqueriran unha tendenza non unha forma porque camiñando non se chega endexamais a forma si non a un esquema instantáneo de forma. Sempre se pensa in potentia.*

R. Otero Pedrayo



Otero Pedrayo debuxado por Risco, *Pelerinaxes I*

Desta cita interésanme dous temas. O primeiro, o discorrer producido co camiñar. Devir, onde un reelaboraba a forma de ver, de comprender o que ve. Dinamismo mental debido ao «*sucesivo renacer do horizonte*», como feito visual. Concepto só posible nunha orografía de constante devir, suavemente accidentada, argumento local de pensamento universal. Desprazamento que configura unha maneira de pensar onde as ideas adquiren máis «*unha tendenza...*» que «*...non unha forma*». De aí, o segundo tema de interese na cita, o «*trazar esquemas*», como necesidade de expresar un momento instantáneo de forma.




Perfil do horizonte debuxado por Risco para o libro *Pelerinaxes I*



29 seg. de panorámica en 1 toma, do peirao e a ría de Viveiro, 1929-2009, polo autor

Porque se o viaxeiro sempre pensa en potencia xorde de súpeto a imperiosa necesidade, neste avanzar polo camiño, de atrapar a inasible potencia do discorrer, o pensamento do momento a través de todas as formas posibles, sempre co fin de agarrar o instantáneo.

Así xorde a necesidade de conxelar unha forma de filmar, de ver e de comportarse, grandes frescos panorámicos, fragmentados ou lineais, arqueoloxía da memoria comparada, nas que descubro, non só as evidentes diferenzas co pasado, co habitado, senón tamén os momentos de conexión directa co pasado, co construído, como en cabo Vilán.



56 seg. de panorámica en 4 tomas, cabo Vilán e o cantil da costa, 1929 e 2009, polo autor

Unha procura incesante das vistas que nos esixe na maioría dos casos, unha deriva onde a necesaria triangulación do espazo desvela de súpeto a importancia do horizonte, onde os perfís das montañas, verdadeiros esquecidos da nosa xeografía, rexorden pola súa personalidade, son o verdadeiro espello de Alicia.

Todo para chegar, finalmente, á necesidade dunhas cartografías, como medio para comprender, na abstracción, o devir de todos os percorridos marcados polo pensamento da viaxe. Cartografía de desprazamentos varios, cinematográficos e reais, de pasado futurible e de presente fragmentado, mais todos intermitentes. Finos fíos que xuntos se converten en abstraccións da verdadeira paisaxe da lembranza, do xa visto que é, á fin e ao cabo, o único país que cada un de nós cremos coñecer, e que logo nos obriga, coa pausa do cartógrafo, a volver a percorrer co lapis do recordo e da toponimia porque, como ben di Otero Pedrayo, «camiñando rexorden todos os momentos, horizontes novos».



Catro posibles percorridos feitos pola montaxe do documental *Un Viaje por Galicia*



Percorrido feito polo autor para realizar *Unha viaxe por...* 1929-2009




Conxunto de todas as derivas feitas, percorridos ou paisaxes da memoria

Viaxe, en fin, de ida e volta, de múltiple deriva que, como unha tea de araña, vai tecendo un territorio da memoria complexo. E é así como nesta viaxe, con todo o conxunto de pezas descritas, se espera, talvez pretende, plasmar pensamentos múltiples das preguntas dadas no camiño, ou como escribiu R. Otero Pedrayo a partir da viaxe que fixo xunto con Risco e Ben-Cho Sey o mesmo ano que o noso realizador documentaba Galicia no seu libro *Pelerinaxes*:

*Nós camiñantes se levásemos unha intención filosófica chegaríamos ao final coa primeira interrogación multiplicada por outras moitas, todas resoltas de forma provisional de xeito que ao chegar ao final o primeira interrogante tomaría nova forza e rexuvenecería as respostas dadas no camiño. Coido que unha das razóns da vitalidade dunha filosofía; é gardar o frescor da alba das primeiras preguntas. Nós, os camiñantes, que en balde quixemos apresar algúns dos temas galegos; o que fixemos foi darlle movemento, dinamicidad a todos os temas xa pensados<sup>1</sup>.*

#### 4. Conclusións



Perfil do horizonte debuxado por Risco para o libro *Pelerinaxes I* / Triangulación do séc. XVII para levantamentos topográficos

- Está claro que a paisaxe, nas súas características máis propias, na súa diferenza, define e dá a seguridade de que un pertence a un lugar determinado, ás veces, dáse a suficiente consistencia, pola súa extensión e calidades, para que este sexa definido como País. Mais no seu constante avanzar, na súa deriva, até cando isto vai seguir sendo así?
- Existe unha memoria perceptiva propia que nos identifica, na nosa vivencia, cun territorio, mais non é a única. Os media, máis insistentes e asépticos, propoñen tamén unha idea de paisaxe, breve, icónica, de marca, sen mediar, unha e outra vez.
- Fronte ao concepto de paisaxe como elemento cultural e estético atópase sempre o que non merece selo porque non é atractivo na forma. Hai, por tanto, unha certa tendencia hoxe en día a ver a paisaxe cunha aura mitificada. Isto leva inmediatamente, ademais de a unha certa nostalgia do pasado, acompañada inevitablemente

<sup>1</sup> Ramón Otero Pedrayo (1993) [1929]: *Pelerinaxes I*, edición facsimilar (Sada: Edicións do Castro). Ilustracións de Vicente Risco.

dun certo sentimento de perda, a unha necesidade de protexer o que queda dese pasado glorioso, establecéndose o que debe ser, o que está ben porque é fermoso. E o que non? debe ser feo?

- Mais a paisaxe, como elemento vivo, é alleo a caracterizacións estéticas prefixadas, non pode deterse, é cambio permanente.
- A paisaxe é, non pode volver ser pasado por mais virxe que este sexa, a árbore medra e o millo seca. Semella que a paisaxe, como elemento propio dun lugar, non debería levar atributo formal prefixado, canonizado, senón máis ben ser pensado como un ente vivo e cambiante que hai que entender no seu dinamismo. Daquela, que facemos coa memoria?
- Non se debe confundir unha crise de identidade evidente, fronte a un pasado aparentemente inmóbil e idílico mais múltiple e variado, co que é a reestruturación da paisaxe hoxe. Probablemente, na súa deriva permanente, a paisaxe e os que o transformaron, non eran conscientes de elaborar unha figura culta. Con todo, tampouco hoxe parece que se sexa consciente de elaborar nada culto.
- Antes, co tempo, a paisaxe era outra, hoxe, coas mesmas formas e tempos para todos, constrúese unha soa paisaxe. Agora todo é o mesmo, é unha paisaxe, mais... . que facemos coa memoria?

Fin

